




BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA
2006





BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA
2006

Aprobada na Comisión da BUSC de 19 de abril de 2007

BUSC – Memoria 2006

INDICE

- 1 Presentación
- 2 Presuposto
- 5 Persoal
- 7 Instalacíons e equipamento
- 11 Desenvolvemento das coleccións
- 14 Base de datos bibliográfica e procesos
- 19 Servizos
- 29 Redes, cooperación e proxección exterior

- 32 Anexo I estatístico
- 42 Anexo II

PRESENTACIÓN

Como apertura desta Memoria pódense salientar os traballos desenvolvidos na BUSC cara á millora dos servizos aos seus usuarios.

Neste senso enmárcase a posta en servizo das coleccións dixitais da biblioteca en marzo de 2006, xérmolo do futuro repositorio institucional ao que a Universidade se obriga como resultado da súa adhesión á Declaración de Berlín a prol do acceso aberto ao coñecemento científico.

A preparación da Base de Datos de Autores Galegos, que se editarán na web en 2007, supuxo un traballo minucioso que millorará notablemente os recursos de información da BUSC.

A celebración dun novo proceso de promoción do persoal ao Grupo A, así como a reanudación das xuntanzas da Subcomisión do Plan Estratéxico da biblioteca son pasos adiante na consecución dos obxectivos marcados no Informe final da Avaliación da BUSC de 2004.

Finalmente, o traballo cooperativo desenvolvido no marco do Consorcio das bibliotecas universitarias galegas redonda nun maior número de coleccións periódicas de acceso electrónico que beneficiará ás áreas de ciencias sociais e humanidades no intento, sempre perseguido, de equilibrar as diferencias coas áreas de ciencia e tecnoloxía.

Ao tempo, neste mesmo marco, o labor do grupo de traballo adicado ao estudo e implantación do metabuscador favorecerá a xestión da gran cantidade de recursos electrónicos hoxe dispoñibles.

PRESUPUESTO


O presupuesto da Biblioteca para o ano 2006 ascendeu a 3.053.000 € (un 8,53% máis que en 2005). A táboa seguinte reflicte a distribución por capítulos e a relación porcentual respecto do ano 2005.

PRESUPUESTO DA BUSC 2006		% RESPECTO A 2005	
Capítulo 2	Aplicación 220	131.000 €	0%
	Aplicación 215	65.000 €	0%
Capítulo 6	Aplicación 627: Adquisición Libros	800.000 €	21,21%
	Aplicación 627: Adquisición Publicacións Periódicas	2.100.000 €	5%
	Aplicación 626	22.000 €	0%
TOTAL		3.118.000 €	8,53%

A aplicación 627 incrementouse con 64.252,63 € procedentes do aforro do IVE das revistas adquiridas de xeito consorciado a través de Bugalicia.

ADQUISICIÓN BIBLIOGRÁFICAS

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presupuesto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos anos.



O custo das publicacións periódicas en 2006 foi de 2.294.720,27 € desglosada do seguinte xeito:

Publicacións periódicas estranxeiras	933.312,31 €
Publicacións periódicas españolas	45.082,82 €
Paquetes de revistas adquiridos consorciadamente	1.316.325,14 €
	2.294.720,27 €

Como en anos anteriores, o crédito ordinario de adquisicións bibliográficas incrementouse con diversas aportacións:

Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos	
Aportacións de Centros	72.373,48 €
Aportacións de Departamentos e Proxectos	170.315,55 €
Descontos en librerías	18.089,59 €
TOTAL	260.778,62 €

Un ano máis, as aportacións más salientables por parte dos centros, departamentos e proxectos corresponden ás Facultades de Filoloxía, Dereito e Xeografía e Historia:


	Centros	Deptos., Proxec.	Total
Filoloxía	41.793,00 €	42.030,57 €	83.823,57 €
Dereito	9.000,00 €	66.076,12 €	75.076,12 €
Xeog. E Historia	3.000,00 €	21.871,38 €	24.871,38 €

Nos presupostos para a adquisición de publicacións unitarias volveron a producirse remanentes nalgúns centros. En tres deles o remanente supera 10% do presupuesto, proporción establecida pola Xunta de Goberno para que os remanentes se incorporen ao presupuesto ordinario da BUSC do vindeiro ano. Estes centros son a E.U. de Relacións Laborais (12,63%), Facultade de Administración e Dirección de Empresas (16,46%) e a Facultade de Humanidades (16,98%).

Contando coas diversas aportacións, a cantidade total adicada a adquisicións bibliográficas ascende a 3.406.593,98 € (Monografías: 1.054.173,22 € e publicacións periódicas: 2.352.420,76 €).

EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

A cantidade total adicada a mantemento foi de 229.335,90 € (facturado: 200.776,15 €) e a equipamento 106.567,40 €. Con respecto a estes dous apartados, hai que destacar, un ano máis, que grazas aos ingresos por servizos (Préstamo Interbibliotecario) e ás aportacións dos centros se puido fazer frente aos gastos habituais.



Canto das aportacións adicionais para equipamento e mantemento, son as seguintes:

Aportacións en equipamento e mantemento	
Aportacións de Centros	18.902,45 €
Ingresos por servicios	18.195,18 €
TOTAL	37.097,63 €

PERSOAL

A 31 de decembro de 2006, a BUSC contaba co seguinte persoal:

PERSOAL DA BUSC - ANO 2006	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	13
Técnico de Documentación Informatizada (Lab. Gr. I)	1
Escala de Axudantes de Bibliotecas	57
Auxiliares Administrativos	7
Auxiliares de Biblioteca (Func. C) /Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	115
Porteiros Maiores	2
Auxiliares de Servicios. Área de Conserxería (Lab. Gr. V)	4
TOTAL	199

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2006 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A. B/A. T. B	Sab/Dom/nocturna	Conserxería	Tco. Doc.	TOTAL
BUSC	5	1					1	7
B. Xeral	2	15	5	13	4	3		42
Bioloxía	1	1		4				6
Económicas		3		6	4			13
C. Arenal	1	4	1	6	4	2		18
Farmacia		2		4				6
Filoloxía	1	4		6	1			12
Filos., CC.Ed., Piscol.	1	6		8				15
Física e Óptica		2		4				6
Xeografía e Historia		4		6	1			11
Matemáticas		2		4				6
Medicina		2		5				8
Química		2		7	1			10
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	6	1	11	7	1		27
Maxisterio				3				4
TOTAIS	13	57	7	93	22	6	1	199

Ademais, prestou servizo na BUSC 1 Técnico Especialista en Informática contratado en virtude dos programas de I+D da Xunta de Galicia.

Así mesmo, ao amparo de Programa Labora, Universidade-Xunta de Galicia, a Biblioteca contou cunha persoa contratada para apoio dos programas da Sección de Proceso Técnico.

PROMOCIÓN INTERNA

Por resolución reitoral de 4 de xaneiro de 2006, convocáronse probas selectivas para cubrir 6 prazas da escala de Facultativos de Arquivos e Bibliotecas, especialidade bibliotecas, polo sistema de concurso-oposición, promocionando as seguintes persoas:

- Dna. Paloma Castro Rey
- Dna. Nieves Rodríguez Díez
- Dna. Carmen Varela Prado
- Dna. Lourdes Pérez González

FORMACIÓN

Durante 2006, o persoal da BUSC participou nos seguintes cursos de formación:

- O Espazo europeo de Educación Superior e a súa incidencia na xestión e nos servizos (11 asistentes)
- XML e Metadatos, cofinanciado polo Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (8 asistentes)
- Tareas Auxiliares de Catalogación (102 asistentes da BUSC e o Arquivo Histórico Universitario)
- Sistemas de Información en Bibliotecas (22 asistentes)
- A Biblioteca Dixital: a dixitalización de documentos (37 asistentes)
- Os Recursos electrónicos na biblioteca híbrida, cofinanciado polo Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (27 asistentes)

A BUSC colaborou tamén coa Sección FETE/UGT da USC no Curso para Auxiliares de A.B.M., dirixido ao persoal contratado, en novembro de 2006.

INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTO

O feito máis salientable canto das instalacións foi a apertura da nova Biblioteca de Filosofía no edificio de Mazarelos en abril de 2006. Como se sinalaba na Memoria de 2005, a biblioteca está situada no primeiro andar e o soto, cunha superficie total de 1.010 m². Conta con 88 postos de lectura e 2.290 m. lineais de estanterías para os fondos que ascenden a máis de 33.000 volumes de monografías e 530 títulos de publicacións periódicas. A colección está, na súa totalidade, en acceso directo, agás as revistas pechadas que se atopan nunha estantería compacta no soto.







Como consecuencia do traslado da Biblioteca de Filosofía, o espazo deixado polos seus fondos na Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación permitirá a esta un crecemento previsible de 5 anos. Hai que ter en conta que dende novembro de 2005, os fondos de novo ingreso desta biblioteca non se podían procesar debido á falta de espazo nos depósitos.

Fíxose un estudo do estado das instalacións da Biblioteca Xeral e elaborouse un informe que se presentou á Vicerreitoría de Infraestructuras en xullo 2006.

Durante 2006 rematouse a compactación do 5º depósito da Biblioteca Xeral, coa instalación en total de 5.220 caixas que supoñen 1.270 m. lineais. Con isto queda esgotada a capacidade de almacenamento dos depósitos da Biblioteca Xeral, sen posibilidade de facer novas ampliacións.

No mes de novembro, debido a unha avaría nas instalacións do servizo sanitario do primeiro andar do depósito da Biblioteca Xeral, produciuse unha inundación que afectou a tres andares do edificio, alcanzando ao fondo histórico. O persoal da biblioteca participou no rescate dos fondos, a preparación para o seu secado e a separación daqueles que necesitaban encadernación/restauración. Procedeseu á redacción dun informe dos danos para a Sección de Patrimonio da USC e a empresa aseguradora. O balance final foi de 359 obras danadas, das que 23 requiren restauración e o resto pequenas reparacións e/ou nova encadernación.

Como en anos anteriores, cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes do Préstamo Interbibliotecario, puido facerse fronte á substitución dalgúns equipos de traballo obsoletos, avariados ou roubados. No cadro seguinte pode verse unha relación dos equipos adquiridos:


BIBLIOTECA	
Biología	1 Ordenador
Concepción Arenal	4 Ordenadores 1 Impresora 1 Lector Código Barras 2 Teclados
Matemáticas	2 Ordenadores 128 Sillas
Intercentros Lugo	3 Ordenadores
Económicas	2 Ordenadores
Medicina	1 Ordenador
Xeografía e Historia	1 Ordenador 1 Impresora 1 Lector Código Barras
Psicología	1 Ordenador 1 Lector Código Barras
Farmacia	3 Ordenadores
Filología	1 Ordenador 1 Teclado
Filosofía	6 Ordenadores 1 Lector Código Barras
Biblioteca Xeral	8 Ordenadores 3 Teclados 3 Lector Código Barras 2 Escáner

DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓN S

En 2006 ingresaron na BUSC 31.276 títulos de monografías, o que supón un 2,12% menos que no ano anterior. Destes títulos, 22.263 (8,16% menos que en 2005) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (estas aportacións poden verse nas táboas do apartado de Presuposto no Anexo estatístico). Por intercambio ingresaron 2.037 títulos (un 6,77% menos que en 2005) e por doazón un total de 6.976 (26,19% máis que no ano anterior).


A distribución destes ingresos por biblioteca poden verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	MONOGRAFÍAS			
	Compra	Intercambio	Doazón	TOTAL
B. Xeral	4.203	456	1.375	6.034
Bioloxía	420	111	365	896
Económicas	1.036	96	711	1.843
C.Arenal	2.283	358	299	2.940
Farmacia	375	22	519	916
Filoloxía	2.390	346	578	3.314
F ^a , Cc. Educ. Psicol	3.844	209	770	4.823
Física Optica	396	57	100	553
Xeografía e Historia	1.191	206	348	1.745
Matemáticas	257	15	2	274
Medicina	615	70	718	1.403
Química	225	15	27	267
ETSE	345	4	81	430
Intercentros	3.340	41	771	4.152
CC. Comunicación	620	18	170	808
Formación Profesorado	287	6	90	383
Enfermería	414	3	32	449
Observatorio	22	4	20	46
TOTAIS	22.263	2.037	6.976	31.276



A distribución, durante 2006, das coleccións de publicacións periódicas, pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	PUBLICACIÓNES PERIÓDICAS					TOTAL
	Pechadas	Abertas			Total Abertas	
	Títulos pechados	Compra	Doazón	Interc.		
B. Xeral	9.607	144	584	149	877	10.484
Bioloxía	817	110	31	177	318	1.135
Económicas	2.096	285	326	64	675	2.771
C.Arenal	2.821	515	166	136	817	3.638
Farmacia	1.305	101	65	52	218	1.523
Filoxaría	1.205	541	103	237	881	2.086
Fá, Cc. Educ. Psicol	1.555	370	77	221	668	2.223
Física Óptica	467	63	10	8	81	548
Xeografía e Historia	1.623	346	85	260	691	2.314
Matemáticas	335	155	24	37	216	551
Medicina	1.968	209	95	8	312	2.280
Química	589	55	11	9	75	664
ETSE	41	37	10	1	48	89
Intercentros	997	303	135	133	571	1.568
CC. Comunicación	322	71	245	11	327	649
Formación Profesorado	180	59	46	15	120	300
Enfermería	71	19	17	-	36	107
Observatorio	318	15	21	-	36	354
TOTAIS	26.317	3.398	2.051	1.518	6.967	33.284



En 2006 convocouse un novo concurso de subministro de subscricións de publicacións periódicas, que resultou nun cambio do proveedor das mesmas, adxudicándose á empresa EBSCO para os anos 2007, 2008 e 2009. EBSCO ofertaba un prezo de licitación máis baixo e más e mellores servizos de valor engadido: sistema de entrega directa dende o proveedor e non dende o editor das publicacións procedentes de América, servizos de revistas electrónicas e acceso a bases de datos como EJS Ebsco Journals Service, lista A to Z ou o portal EbscoHost; acceso á base de datos de sumarios TOC Premier, que conta con máis de 16.000 títulos en curso dos que se pode facer subscricións aos sumarios para recibilos no buzón de correo electrónico do usuario; e outras facilidades que facilitan os procesos técnicos da biblioteca. Todos estes servizos comenzarán a funcionar en 2007.

Canto da preservación e restauración dos fondos, como xa se indicaba na Memoria 2005, o recorte sufrido polo presupuesto na Aplicación 220 dende 2004, non permitiu abordar a restauración de exemplares do fondo histórico. Aínda así, con motivo da exposición conmemorativa da Real Academia Galega, os organizadores da Exposición fixérонse cargo da limpeza e intervención menor da obra de Felipe de la Gándara, “El cisne occidental canta las palmas y triunfos de Galicia”, impreso en Madrid en 1678. A intervención consistiu, fundamentalmente, na consolidación da folla de garda final do exemplar coa signatura R.S.E. 1093, que é donde figurán, manuscritas, as “Décimas ao Apóstol Santiago” de Martín Torrado, Abade de Urdilde.


A Exposición conmemorativa da Real Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago motivou, tamén, que Caixa galicia se fixese cargo dos custos de limpeza e consolidación dalgúnha das obras expostas.

BASE DE DATOS BIBLIOGRÁFICA E PROCESOS


A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra, doazón ou intercambio, e das catalogacións que se fan sobre o fondo histórico da Biblioteca Xeral, do que a meirande parte está, áinda, sen automatizar.

Nos gráficos seguintes pode verse a distribución de rexistros bibliográficos, de exemplar e catalogacións analíticas do catálogo da BUSC.


CATÁLOGO COMPLETO




CATÁLOGO GALICIA



CATÁLOGO XERAL



Do total de rexistros bibliográficos (882.934), 34.573 pertencen á Biblioteca América, coa seguinte distribución según tipo de rexistro:



PROCESOS

En 2006 púxose en marcha o Catálogo de coleccións dixitais da BUSC que, dende o mes de maio, da acceso, na páxina web, aos fondos dixitalizados da prensa galega, teses da USC publicadas no ano 2005 en adiante, fondo antigo galego e fondo xeral. En 2007 está prevista a incorporación dos incunables. A preparación deste catálogo supuxo, ademais da dixitalización dos fondos, iniciada en 2002, a introducción en cada un dos rexistros bibliográficos duns códigos que os sinala como pertencentes ao Catálogo de colección dixitais e dunha etiqueta 856 para facer o enlace na páxina web co texto dixitalizado.

A lo largo de todo o ano se traballou na posta a punto da base de datos de autores galegos. O obxectivo do proxecto é publicar na páxina web da biblioteca una base de datos de nomes de autores galegos, aproveitando os rexistros de autoridade existentes en Millennium, dende a que se poida facer un enlace ao catálogo para ver as referencias bibliográficas existentes na biblioteca universitaria.

As tarefas de depuración e mellora de rexistros de autoridade existentes no catálogo foron realizadas polos catalogadores e pola persoa contratada no marco do programa Labora, empregando para elo fontes de información bibliográfica: unificación de distiintas formas para un mesmo nome de autor, comprobación da súa relación con Galicia (lugar e data de nacemento), verificación da súa actividade profesional, revisión da bibliografía existente no catálogo para verificar a corrección da atribución da autoría e introducción de toda a información disponible nos campos prescritos polo formato MARC de Autoridades (entrada válida ou autorizada,

entradas non válidas, campos de información biográfica e profesional coa indicación da fonte de información empregada). O acceso a esta base de datos a través do web da biblioteca está previsto para principios de 2007.

A relación de fontes de información bibliográfica e catálogos consultados, impresos ou en liña, é a seguinte:

- Catálogo web da BUSC (<http://iacobus.usc.es>)
- Couceiro Freijomil, Antonio: Diccionario bio-bibliográfico de escritores, 1951-1953
- Gallegos: quién es quién en la Galicia del siglo XXI, 2002
- Gallegos: quién es quién en la Galicia de los 90, 1993
- Enciclopedia Galega Universal, 1999-
- Gran Enciclopedia gallega, 1974-2000 (e os seus apéndices)
- Diccionario da literatura galega, 1995
- Fernández del Riego, Francisco: Diccionario de escritores en lingua galega, 1990
- González Catoyra, Alfonso: Biografías coruñesas, 1990
- González Catoyra, Alfonso: Nuevas biografías coruñesas, 1997
- Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.usc.es>)
- Páxina web da Universidade de Vigo (<http://www.uvigo.es>)
- Páxina web da Universidade da Coruña (<http://www.udc.es>)
- Autoridades de la Biblioteca Nacional de España (<http://www.bne.es/esp/autoridades.htm>)
- Autoridades de la Library of Congress (<http://authorities.loc.gov>)
- Letras de fronteira do Val do Miño transfronterizo, 2005
- Parlamentarios de Galicia: biografías de Deputados e Senadores (1810-2003), 2003
- López de Zuazo Algar, Antonio: Catálogo de periodistas españoles del siglo XX, 1981

Tamén en 2006, púxose en marcha a funcionalidade URL Checker de Millennium que permite facer un chequeo e informe mensual das URLs introducidas nos rexistros bibliográficos que no funcionan.

No mes de novembro, actualizouse o programa Millennium á súa versión 2006 o que supuxo, canto dos procesos técnicos:

- A actualización de varios dos textos publicados na Intranet: Millennium Autoridades, Millennium Crear Listas e a Guía de Catalogación, na que aínda se está a traballar no momento de redactar esta Memoria.

- Activación do procesamento automático de autoridades locais que van ao índice de tema galego; esta funcionalidade, que permite facer cambios nos encabezamentos de autor e de tema nos rexistros bibliográficos dende os rexistros de autoridade, traballaba unicamente ata esta versión coas materias indexadas no índice de tema castelán.

Ao longo de todo o ano, baixo a dirección e coordinación da Subdirección Técnica, desenvolvéronse os traballos de estudo e implantación do módulo de Adquisicións do programa Millennium por parte dun grupo de trabalho composto polos directores das bibliotecas Concepción Arenal, Física e Medicina. Estas bibliotecas, xunto coa Xeral, comezaron a utilizar o módulo en 2006 como experiencia piloto para a súa implantación en todas as bibliotecas da USC en xaneiro de 2007.

SERVIZOS


ACCESO A BASES DE DATOS

En 2006 continuou o funcionamento do servizo de bases de datos adquiridas consorciadamente. Dado que non todas as bases teñen unha interface web ou versión Internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continuaron instaladas na Rede de CD-ROMs da BUSC.

Durante este ano a BUSC tivo acceso a 131 bases de datos das que 86 son bases en rede (15 propias da BUSC e 71 de Galicia) e 45 son bases en versión monoposto que poden consultarse nas diferentes bibliotecas.



As estatísticas de uso das bases, segundo os datos proporcionados polo Consorcio, e tendo en conta que unhas estatísticas están baseadas en sesións e outras en consultas, ofrecen os seguintes resultados:

BASES DE DATOS 2006 - SESIÓNS




A comparación destas estatísticas coas das outras dúas universidades integrantes do Consorcio queda como segue:

Coruña	44.449	26,13%
Santiago	74.117	43,57%
Vigo	51.563	30,31%
Total	170.129	100,00%



O uso das bases de datos da rede da BUSC amosan un total de 9.907 accesos distribuídos como segue:



LIBROS ELECTRÓNICOS

En 2006 cesou o acceso, a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, aos libros electrónicos do servizo SAFARI Tech Books Online.

Como parte do paquete consorciado do IEEE, pódese acceder aos IEEE Conference Proceedings e IEEE Standards, o uso dos cales, por parte dos usuarios da Universidade de Santiago, amosa as seguintes cifras:

descargas de estándares e actas de congresos	
IEEE conference proceedings	2.803
IEEE standars	74
TOTAL	2.877

BOLETÍN DE SUMARIOS

En 2006 deixou de funcionar o boletín electrónico de sumarios, baseado no servizo SwetsWise, debido ao escaso uso que se facía do mesmo, e pola posibilidade, ofertada pola maioría dos editores dos paquetes de revistas electrónicas, de subscribir alertas, por parte dos usuarios, aos sumarios das súas revistas.

Tamén comezou o acceso á base de datos de DIALNET, proxecto no que colabora a BUSC e que se explica máis polo miúdo no capítulo de Cooperación. Esta base de datos conta con máis de 780.000 artigos científicos hispanos dos que máis de 60.000 son a texto completo. Con DIALNET, o usuario conta coas seguintes opcións:


- Posibilidade de definir alertas informativas para os usuarios rexistrados
- Identificación dos títulos existentes na BUSC e enlace ao catálogo para consultar os fondos disponibles
- Restricción da busca aos documentos a texto completo
- Posibilidade de enviar os documentos á conta de correo electrónico do usuario

A BUSC vacía, na actualidade, un total de 49 revistas galegas e ao longo de 2006 incorporou á base de datos un total de 1.367 rexistros analíticos de artigos. En 2006 houbo 266 usuarios da USC subscritos, entre todos, a un total de 4.315 revistas. A relación de revistas galegas vaciadas pola BUSC, e o número de subscritores aos sumarios de cada unha delas, pode verse no Anexo II, Táboa I.

O próximo ano 2007, comezará o acceso á base de datos de sumarios de revistas TOC Premier, de EBSCO Publishing, ofertada como un servizo de valor engadido ao subministro das subscricións de revistas da BUSC.



REVISTAS ELECTRÓNICAS

Segundo as estatísticas proporcionadas polos editores e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, e aínda que non se posúen de todos os títulos, a BUSC tivo acceso durante 2006 a 13.679 títulos diferentes a texto completo. Non se inclúen nesta cifra os Standards nin os Proceedings do IEEE, pero si as revistas da BUSC que non aparecen en ningún dos paquetes accesibles a través do Consorcio e as incluídas nas bases de datos a texto completo



Business Source Premier, Periodical Contents Index e CINAHL. Das revistas exclusivamente da BUSC só se posúen estatísticas daquelas ofertadas a través do servizo SwetsWise.


As estatísticas amosan que se fixeroon un total de 353.263 descargas de artigos a texto completo. Nos gráficos seguintes poden verse os datos totales e as porcentaxes correspondentes a cada editor. Por terceiro ano consecutivo, é de salientar o elevado número de descargas feitas sobre o servizo ScienceDirect de Elsevier que ascenderon a 168.475, supoñendo un 49% do total.

**Descargas de artigos a texto completo 2006 - Porcentaxes**

PCI	CINAHL	Varios	SwetsWise	IEEE Journals	Science	Nature
BSP	JSTOR	Springer	Blackwell	Wiley	ACS	ScienceDirect


A relación dos títulos das revistas más utilizadas en 2006 poden verse no Anexo II, Táboa II.

No gráfico seguinte amósase a evolución das descargas de artigos a texto completo durante os últimos anos. É necesario ter en conta que a subida sufrida a partir do ano 2004 ven motivada pola incorporación dos títulos dos paquetes de revistas electrónicas adquiridos consorciadamente.



WEB

O contador da páxina web da BUSC amosa que no ano 2006 houbo un total de 777.537 accesos á páxina de entrada (15,51 % máis que en 2005). Canto da versión en contraste negativo do Web, os accesos á súa páxina principal ascenderon a 5.248 durante 2006 (5,30 % menos que en 2005). Neste gráfico pode verse a tendencia de uso do Web durante os últimos anos.



En maio de 2006 púxose accesible a través do Web o Catálogo de Coleccións Dixitais¹ preparado pola Sección de Procesos. A través deste catálogo a BUSC ofrece acceso público aos seus fondos bibliográficos históricos, fundamentalmente da Sección Galicia, prensa galega, incunables, e outros fondos da colección xeral.

Ademais, a BUSC e mailo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) acordaron a colaboración para a edición neste web das teses de doutoramento defendidas na USC a partir do ano 2005, acordo co que se persegue unha maior e dodata difusión das mesmas. Calquera destas teses están editadas previamente polo SPIC en formato CD-Rom, e os seus autores fixeron cesión explícita dos seus dereitos para ámbalas dúas modalidades de edición.

The screenshot shows the homepage of the USC Biblioteca Universitaria. At the top left is the USC logo with the text "UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA". To its right is the seal of the University. The main title "Biblioteca Universitaria" is in large blue letters. Below it is a search bar with a "Buscar" button. Underneath the search bar are links for "versión con contraste negativo", "novidades", "mapa do web", "contacto", "correo web", "buscar na BUSC", and "acerca do web". A horizontal menu bar follows with links "A Biblioteca", "Catálogo", "Servizos", "A BUSC dixital", and "Recursos en Internet". Below this is a breadcrumb navigation: "Inicio » Servizos » Biblioteca Universitaria » Catálogo". On the left, there is a sidebar titled "Catálogo" containing links to various collections: "Catálogo completo", "Catálogo Galicia", "Teses da USC", "Fondo histórico", "Biblioteca América", "Coleccións dixitais", "Catálogo de Revistas", "Procedencia das coleccións", "Novedades no catálogo", "Bibliografías recomendadas", and "Ver rexistro de usuario". The main content area is titled "Coleccións dixitais" and lists four categories with their descriptions: "Fondos xerais" (Relación alfabética de títulos dos libros dixitalizados do fondo antigo non galego da Biblioteca Universitaria), "Galicia" (Relación alfabética de títulos dos libros dixitalizados do fondo galego de manuscritos e impresos publicados entre 1525 e 1850 pertencente á Biblioteca Universitaria), "Teses USC" (Relación alfabética de títulos das teses defendidas na USC a partir do ano 2005 con autorización para edición en acceso abierto), and "Prensa galega" (Relación alfabética de títulos de prensa e revistas dixitalizadas de fondo antigo galego). Below the main content is a search bar for "Buscar en todas as coleccións dixitais:" with fields for "Palabra clave" and a "Buscar" button.

FORMACIÓN DE USUARIOS

O programa de formación de usuarios, unha das accións de mellora propostas no informe final de avaliación da BUSC abordado en 2005, continuou o seu desenvolvemento ao longo de 2006. O número de cursos convocados e impartidos pode verse no seguinteadro:

¹ http://iacobus.usc.es/search*gag~S7

BIBLIOTECA	Cursos	Sesións	asistentes (1º, 2º e 4º ciclo)	asistentes (3º ciclo, masters, postgrafo, prof/investig)
B. Xeral	1	1	10	-
Bioloxía	4	14	77	18
Económicas	4	11	393	-
C.Arenal	8	12	501	120
Farmacia	4	8	25	39
Filoloxía	4	6	103	20
Fª, Cc. Educ. Psicol	4	23	139	-
Física Optica	1	2	61	-
Xeografía e Historia	8	8	252	45
Matemáticas	1	3	28	-
Medicina	1	10	22	-
Química	2	2	3	6
ETSE	1	1	5	-
Intercentros	5	16	217	4
CC. Comunicación	-	-	-	-
Formación Profesorado	13	36	497	130
Enfermería	1	10	21	2
TOTAL	62	163	2354	384

En 2006, por iniciativa da Dirección da Biblioteca da Facultade de Medicina e da E.U. de Enfermería, impartíronse dous cursos de formación de usuarios con recoñecemento de créditos de libre configuración. A BUSC pretende que esta iniciativa se xeneralice a outras bibliotecas da USC durante 2007.

Ademais na E.U. de Formación do Profesorado lévase a cabo un Programa de Formación de Usuarios orientado a tódolos alumnos matriculados nas catro titulacións. O Programa que se desenvolve forma parte do Proxecto de Innovación Docente Para a Implantación Anticipada de Créditos ECTS segundo o EEES, Programa Transversal de Mellora do Alumnado nas Competencias Profesionais Básicas.

Tamén a Biblioteca da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo en colaboración coa Biblioteca Intercentros dese mesmo campus, e dentro do Programa de Formación e Innovación docente do ICE na USC, impartiron cursos de D.H.I.: uso e Xestión da información dentro do Programa de Formación e Innovación Docente para PDI da USC.

CONSULTA EN SALA

Do servizo de consulta en sala soamente se posúen datos sobre fondos en acceso pechado xa que das instalacións en acceso directo non é posible obter información sobre o número real de consultas en sala.

En 2006 servíronse un total de 31.227 documentos no conxunto da BUSC, dos que 16.735 corresponden a libros, 13.063 a publicacións periódicas e 1.429 a outros tipos de material. Os datos pormenorizados por bibliotecas poden verse no Anexo estatístico.

PRÉSTAMO A DOMICILIO

Canto dos datos referentes ao préstamo a domicilio, amosan que en 2006 houbo un total de 352.413 préstamos no conxunto da BUSC o que supón unha diminución do 0,69 % respecto a 2005,

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
B.Xeral	53.467	50.478	38.943	35.427	35.706	31.971	31.650
Biología	20.001	18.446	16.476	16.250	15.852	15.158	15.006
Económicas	34.155	25.686	23.754	21.207	21.822	21.178	20.744
Der., Pol., R. Lab.	16.084	22.080	22.281	29.329	33.544	34.972	37.270
Farmacia	9.965	8.999	8.820	7.958	8.369	8.056	9.271
Filología	55.949	47.554	44.239	44.111	43.096	38.898	38.905
Fil., CC. Ed., Psi.	62.594	58.834	55.326	61.910	51.576	48.401	47.939
Física e Óptica	18.338	18.929	13.933	13.097	13.327	11.412	10.561
Xeografía e H^a	42.289	37.626	34.739	32.546	33.975	31.935	34.697
Matemáticas	13.612	11.681	10.837	10.154	11.089	11.013	10.483
Medicina	17.445	19.785	17.845	18.023	17.308	16.520	17.332
Química	15.879	16.944	17.262	15.271	14.599	7.654	7.269
ETSE						5.346	5.408
Xornalismo	8.551	15.012	17.407	19.334	18.346	14.139	11.537
Enfermería	3.811	3.770	4.446	4.009	4.527	4.347	4.460
ICE	1.116	1.205	716	780	442		
Intercentros Lugo	80.535	72.861	60.260	54.050	52.700	45.177	41.779
Maxisterio Lugo	7.313	7.770	10.325	11.280	10.018	8.697	8.102
	461.104	437.660	397.609	394.736	386.296	354.874	352.413

PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

Ao longo do ano, no Servizo de Préstamo Interbibliotecario realizáronse 10.152 transaccións de solicitudes de documentos, o que supón unha diminución do 15,19 % respecto de 2005. A demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras bibliotecas, maioritariamente bibliotecas pertencentes a REBIUN, diminuíu un 1,26% (6.426 documentos fronte aos 6.508 do ano anterior). O número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras bibliotecas tamén diminuíu, un 31,79 % menos que en 2005 (3.726 solicitudes fronte ás 5.463 do ano anterior).

Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2006:

As solicitudes non cursadas ou canceladas non se tramitaron por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se pedisen ao estranxeiro, ou ben se tramitaron e posteriormente se cancelaron por ser os datos de referencia erróneos ou incompletos.

Documentos obtidos de centros externos	Copias	Préstamos	Total
Solicitudes recibidas	3.315	411	3.726
Solicitudes non cursadas	74	7	81
Documentos solicitados	3.241	404	3.645
Documentos obtidos	2.790	381	3.171
Documentos non obtenidos	199	13	212
Solicitudes canceladas	194	-	194
Solicitudes en trámite	58	10	68

Documentos servidos a centros externos	Copias	Préstamos	Total
Documentos solicitados	4.822	1.604	6.426
Documentos subministrados	4.110	1.334	5.444
Documentos non subministrados	683	268	951
Solicitudes canceladas	21	2	23
Solicitudes en trámite	8	-	8

Os documentos que non se subministraron corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

Ubicación das coleccións demandadas

DOCUMENTOS SUBMINISTRADOS POR BIBLIOTECAS DA USC				
BIBLIOTECA	Centros externos	Usuarios da USC	Universidade de Vigo	Totais
B. Xeral	655	-	-	655
Bioloxía	335	128	-	463
CC. Económicas	129	25	-	154
Concepción Arenal	537	59	-	596
Farmacía	519	228	-	747
Filoloxía	839	-	-	839
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	364	544	-	908
Física e Óptica	96	14	-	110
Xeografía e Historia	346	69	-	415
Matemáticas	214	24	-	238
Medicina	630	313	-	943
Química	425	280	-	705
CC. Comunicación	33	3	-	36
Intercentros Lugo	204	64	-	268
Formación do Profesorado	7	-	-	7
ETSE	111	20	4	135
TOTAIS	5.444	1.771	4	7.219

Procedencia das solicitudes dos usuarios da USC

DOCUMENTOS SOLICITADOS POR USUARIOS DA USC	
BIBLIOTECA	Documentos
B. Xeral	329
Bioloxía	124
CC. Económicas	45
Concepción Arenal	30
Farmacía	284
Filoloxía	467
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	492
Física e Óptica	95
Xeografía e Historia	140
Matemáticas	39
Medicina e CHUS	1.012
Química	94
CC. Comunicación	6
Intercentros Lugo	421
Formación do Profesorado	11
ETSE	12
Institutos de Investigación	44
TOTAIS	3.645

REDES, COOPERACIÓN E PROXECCIÓN EXTERIOR

En 2006 a Biblioteca Universitaria continuou a colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia centrada, fundamentalmente, no estudo e proposta de novas adquisicións de bases de datos e paquetes de revistas electrónicas para o ano 2007 e na selección e adquisición dun novo xestor de enlaces e un metabuscador, para a xestión, actualización e mantemento dos recursos electrónicos consorciados e os propios de cada biblioteca do Consorcio. O producto que se elexira o ano anterior (LinkFiderPlus e ENCompass) desbotouse polos cambios sufridos durante 2006 no seu funcionamento e modalidade de adquisición, que fixeron que non se axustase ás necesidades expresadas polo Consorcio e as diferentes bibliotecas universitarias. O novo producto é o paquete SFX-Metalib, da empresa Ex-Libris. A finais de 2006 iniciouse o proxecto cunha xuntanza de arranque coa empresa e levouse a cabo unha primeira formación do xestor de enlaces SFX.

Como membro de REBIUN, a Dirección da BUSC asistiu á Asamblea anual, ás diversas reunións do Grupo de Patrimonio Bibliográfico, e asistiu e participou á xornada de traballo para a preparación do Plan Estratégico Rebiun 2006-2010. Así mesmo, enmarcada nesta colaboración, a Dirección da BUSC participou, como representante de REBIUN, nas X Jornadas de Cooperación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura e as Comunidades Autónomas, celabradadas en Santiago os días 14 a 16 de xuño de 2006.

Diante da proposta da Dirección da BUSC ao Consello de Dirección da USC, o Consello de Goberno de 26 de marzo de 2006, aprobou a adhesión da Universidade de Santiago á “Declaración de Berlín”¹, sobre o acceso abierto ao coñecemento nas Ciencias e nas Humanidades, aprobada en outubro de 2003 por representantes de varias institucións europeas convocados pola Sociedade Max Planck. Ao subscribir esta declaración, a USC comprométese a crear e manter repositorios institucionais de acceso electrónico abierto onde se depositen copias dos traballos científicos producidos polos seus profesores e investigadores, o que contribuirá á visibilidade e á difusión da producción científica da institución.

Durante 2006, a BUSC comezou a traballar de cheo no proxecto DIALNET, en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidad de La Rioja. Trátase dun proxecto cooperativo, entre varias bibliotecas universitarias españolas, para a elaboración dunha base de datos que permita aumentar a difusión e a accesibilidade da literatura científica hispana, potenciando o acceso libre e gratuito á mesma a través de Internet. DIALNET está accesible no web da BUSC en http://busc.usc.es/A_BUSC_dixital/sumarios1.asp e a relación de revistas galegas vaciadas pola biblioteca, e o número de subscriptores aos sumarios de cada unha delas, poden verse no Anexo II, Táboa I.

¹ <http://www.usc.es/gl/xornal/opinions.action?id=31041>

Dentro do Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Santiago e o Banco Santander Central Hispano, para a dixitalización dunha serie de obras da Biblioteca América co obxecto da súa inclusión nos diferentes portais da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, en 2006 se procedeu a dixitalizar 28 títulos deste fondo.

No mes de decembro, dentro do proxecto do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico do Ministerio de Cultura e a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, a empresa Baratz comezou os traballos de catalogación de todo o fondo do século XIX, que non está na base de datos, e a reconversión dos tomos do século XVIII do Catálogo Bustamante.

En 2006, a Dirección da BUSC colaborou tamén co Comité Local das 10as Jornadas Españolas de Documentación de FESABID, na solicitude de subvencións, locais de reunións, etc. As xornadas celebraránse en Santiago de Compostela os días 9 a 11 de maio de 2007.

A Dirección da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo, colaborou no Proxecto: "Aula Virtual la Molina" (Lima-Peru): "Análisis, desarrollo e implementación del Aula Virtual La Molina para la Formación a Distancia de colectivos con posibilidades limitadas al acceso a la Formación Presencial". Parcipou neste proxecto asistindo ao Seminario " Los Nuevos retos de la Universidad ante la Sociedad del Conociminetno: proyecto Aula Virtual La Molina" celebrado en Lima, Universidad Nacional Agraria La Molina, do 4 ao 6 de decembro de 2006 coa conferencia: "Transformación de las bibliotecas universitarias: Nuevas posibilidades de acceso y gestión de la Información científica. Este seminario, organizado como evento de sensibilización do profesorado da universidade peruana, deu o seu froito canto dos futuros proxectos de colaboración no campo da información e biblioteca:

- Colaboración co departamento encargado de deseñar o curso piloto "Alimentos funcionais" en asistencia informacional e documental.
- Nestes momentos en xestión en Cooperación Internacional por parte da Biblioteca da Universidade peruana o proxecto de colaboración para implementar un Programa de Alfabetización Informacional na Universidade na modalidade blended-learning.

Como en anos anteriores, a BUSC colaborou con diversas exposicións:


- Fundación Iniciativas 21, Santiago de Compostela. Mostra "25 Anos de Estatuto"
- Semana Socio-Cultural do Centro de Fontiñas, Santiago de Compostela: "Mostra sobre Neurociencia"
- Deputación de Pontevedra: "Indianos, Habaneros e Brasileiros".
- Fundación Luís Seoane, A Coruña: "Do primitivo na arte galega ata Luís Seoane. Procesos de creación artística e identidade nacional"
- Fundación Caixa Galicia, A Coruña: "Galicia. A forza da palabra" Real Academia Galega
- Junta de Castilla y León. Museo Patio Herreriano (Valladolid): "La materia de los sueños: Cristóbal Colón y la imagen de las maravillas en la Edad Moderna"
- Fundación Caixa Galicia, Santiago: "O efecto das luces. Real Sociedade Económica de Amigos do País"
- Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia: Exposición itinerante "O mundo na túa cabeza. ¿Que sabemos e como nolo contaron".
- Centro Galego de Artes da Imaxe: Mostra itinerante, Santiago-París: "Ler imaxes: o arquivo fotográfico de Julio Cortázar"
- Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid: "Revistas y Guerra 1936-1939".

Tamén colaborou para a reproducción de obras ou partes de obras do seus fondos:

- Consorcio da Cidade de Santiago: Reproducción de plano Ms. Disertación histórica sobre a Igrexa e Cabildo de Santaigo / B. Foi.
- Institución Ramón Piñeiro: a totalidade dos Almanaques Gallegos para os anos 1890, 1927 e 1929.
- Don Juan Tenorio. Prólogo de Nicomedes Pastor Díaz – Editorial IMPACT5 S.A.
- Gravación para “El Mariscal pardo de Cela, mito, leyenda y realidad”. Imagina – Taller de creación audiovisual.

Como producción propia, a BUSC organizou a mostra bibliográfica conmemorativa do Día das Letras Galegas 2006, Manuel Lugrís Freira, maio 2006:

http://busc.usc.es/A_Biblioteca/Actividades/Letras_Galegas_2006/index.htm



